

MANUAL PARA A SEGREGACIÓN DE BIORRESIDUOS EN ORIXE



¿Que é un biorresiduo?

Enténdese por biorresiduo os restos vexetais de zonas verdes e xardíns, e restos de comida das cociñas dos nosos fogares e do sector da restauración. Os biorresiduos están compostos principalmente por materia orgánica fresca e polo tanto son un residuo biodegradable e aproveitable.

Problemática dos biorresiduos

1. Representan o 44% do noso lixo, polo que a súa xestión supón un alto custo económico e ambiental, debido principalmente ó seu transporte.
2. Enchen os nosos vertedoiros e provocan a construción de máis.
3. Producen gases de efecto invernadoiro, tales como o metano (CH₄).

Solución mediante compostaxe

A compostaxe é a solución máis axeitada e sostible, pero débense seguir tódolos pasos amosados no seguinte esquema. Faremos fincapé nos resaltados en amarelo, os cales son a nosa responsabilidade.



¿Como podes aportar o teu graniño de area?

1. Merca o alimento necesario sen envases plásticos
2. Coloca o caldeiro marrón de biorresiduos na cociña da túa casa, nun lugar accesible para facilitar a separación.
3. Coloca a bolsa compostable e intenta enchela ó máximo para optimizar o seu volume e reducir o número de bolsas gastadas.
4. Consulta os seguintes exemplos de biorresiduos:
 - Cáscaras
 - Ósos
 - Mondadentes
 - Restos de pan
 - Ramos, flores, follas secas
 - Bolsas compostables
 - Restos de verduras
 - Froitos secos
 - Excrementos de animais
 - Mondas da froita
 - Restos de carne
 - Cunchas de mariscos e moluscos
 - Borrás de café e infusións
 - Malas herbas, céspede
 - Tapóns de corcho, serrín
 - Restos de peixe
 - Papel e gardanapos sucios
 - Po, pelusas, pelos
5. Non engadas os seguintes materiais:
 - Medicamentos
 - Papeis plastificados
 - Baterías, metais
 - Cueiros desbotables
 - Plásticos, bricks, vidro.
6. Consulta se tes dúbidas, non engadas material se non estas seguro/a

Vantaxes

A elaboración de compost ten diferentes vantaxes para ti e o medioambiente:

- Protexer o solo
- Reducir a xeración de gases de efecto invernadoiro
- Reducir o uso de pesticidas e fertilizantes

APOSTA POR UN CONCELLO RESPETUOSO CO MEDIOAMBIENTE, SOSTIBLE E VERDE

¡RECICLA OS BIORRESIDUOS EN SANTA COMBA!

¡Gracias pola túa colaboración!

Calquera dúbida que teñas podes consultala de forma presencial na oficina de medioambiente do concello, no teléfono 981880075 ou no correo electrónico medioambiente@santacomba.es